

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

D. TOMÁS FOLE DÍAZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 28 de setembro de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 31 de agosto de 2017.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de agosto de 2017.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Toma de coñecemento do Decreto da Alcaldía de aprobación de liñas fundamentais do Orzamento consolidado do Concello e do seu organismo autónomo para o exercicio 2018.
5. Aprobación, se procede, da determinación de festas locais para o ano 2018.
6. Adopción de acordo en relación co recurso de reposición formulado por D. Miguel Alves Lago contra a nova composición das Comisións Informativas (acordo plenario de 29 de xuño de 2017).
7. Aprobación, se procede, da renuncia á licenza para a prestación do servizo público de comunicación audiovisual radiofónica.
8. Aprobación definitiva, se procede, da Conta Xeral do Orzamento Municipal e da FPSDM correspondente ao ano 2016.
9. Aprobación, se procede, do Expediente de Modificación Crédito Extraordinario 03/CE/2017 para aplicación do superavit de 2016.
10. Aprobación, se procede, da modificación das bases para a concesión de axudas dentro do programa de inserción social con destino ao pago de gastos derivados da propiedade dunha vivenda.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU, sobre os inconvenientes xerados polo Mcauto.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU, sobre a obra na beirarrúa de acceso ao IES Cotarelo Valledor para que sexa accesible.
13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa a melloras viarias e do entorno na Parroquia de A Laxe.
14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre recoñecemento institucional a labor de Protección Civil Vilagarcía polo seu 25 aniversario.
15. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
16. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
17. Rogos e preguntas.
18. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31 DE AGOSTO DE 2017.: Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 31 de agosto de 2017:

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170831&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE AGOSTO DE 2017: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

- 1 Recoñecemento de obrigas
- 1 Aprobación Expte. De modificación de créditos de Xeración de Créditos
- 12 Aprobación de liquidacións
- 12 Concesión/denegación fraccionamento de débedas

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE AGOSTO 2017:

Nº DESCRICIÓN

- 5 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 1 Orde concesión de prazo para desmonte de estrutura metálica
- 1 Orde execución no prazo de vinte días de valado provisional de solar
- 1 Imposición de multa coercitiva por incumprimento de resolución
- 1 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística e incoación novo expediente
- 2 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 1 Declaración de ineficacia de comunicación previa obras
- 1 Declaración invalidez e ineficacia de comunicación previa para desenvolvemento de actividade
- 1 Concesión de desestímulo de solicitude de licenza de obras
- 1 Conformidade a proxecto de execución para instalación de carpa desmontable
- 6 Concesión de licenza de obra para acometida rede de canalización
- 1 Concesión de licenza para cesión de terreos afectados por aliñacións
- 4 Concesión de licenza para entrada de carruaxes
- 10 Concesión de licenza de obra maior
- 6 Concesión de licenza para acometida e/ou conexión ás redes de auga e/ou saneamento
- 5 Concesión de licenza para instalación de terraza en establecemento de hostalería
- 28 Aceptación de comunicación previa obra menor
- 2 Aceptación de documentación previa para desenvolvemento de actividade
- 4 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores por infraccións de tráfico
- 3 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 7 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos
- 1 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos de persoal
- 1 Estimación alegación presentada contra expediente sancionador por infracción grave horario de peche de establecemento
- 4 Aprobación de gasto relativo a taxa por publicación de anuncio no BOP ou DOG
- 4 Aprobación de expediente de contratación
- 1 Orde representación e defensa dos intereses do concello exercida por Letrado en expediente xudicial

1 Autorización colaboración de dezasete taxis do Concello de Cambados e Vilanova de Arousa para prestar servizo o día 16 de agosto
12 Nomeamento de funcionario/a interino/a
1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
2 Concesión de gratificación especial por substitución de posto de categoría superior
1 Aprobación gasto correspondente a aportación ao plan de pensións no mes de xullo
1 Aboamento a policía en prácticas retribucións correspondentes ao posto de traballo de policía local
1 Aboamento a Empregado Municipal prestación por IT
2 Designación de Interventora Accidental
2 Orde de pago de facturas
11 Concesión/denegación fraccionamento de débedas
3 Autorización para realización de espectáculo pirotécnico
2 Autorización celebración de bailes e verbenas populares
1 Desestimación recurso de reposición contra resolución denegación de licenza de ocupación con mesas e cadeiras
1 Baixa no Padrón de Habitantes de persoas por incumprimento requisitos do INE
TOTAL: 157

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170831&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.: Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figura presentada a seguinte solicitude:

Dona Alicia Tacón Conde solicita intervir en relación coa Moción de mellora da accesibilidade ao IES Cotarelo Valledor.

A continuación pasase a tratar o asunto nº 12 da orde do día:

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE EU SOBRE A OBRA NA BEIRARRÚA DE ACCESO AO IES COTARELO VALLEDOR. Dáse

conta da moción presentada polo grupo municipal do EU, coa data de 21 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN URGENTE, sobre A OBRA NA BEIRARRÚA DE ACCESO AO IES COTARELO VALLEDOR PARA QUE SEXA ACCESIBLE-

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende abril deste ano, unha alumna en cadeira de rodas leva denunciando a súa situación no IES Cotarelo Valledor de Vilaxoán, sen que se comece a obra por parte do Concello de Vilagarcía para poñer remedio á falta de accesibilidade que presenta a zona peonil. A falta dunha entrada adaptada ao centro, na beirarrúa de acceso ao instituto, imposibilita que persoas con mobilidade reducida poidan entrar de maneira doada ao recinto escolar, tendo que depender de que no momento de chegada haxa alguén que lles axude a traspasar a rampla.

A responsabilidade do arranxo depende totalmente do Concello de Vilagarcía, que ademais ten mandatado a raíz da moción presentada por Esquerda Unida “Barreiras cero”, solucionar todas as eivas das cidade a este respecto, con urxencia as que afectan ás instalacións e transporte público. Tamén se asignou orzamento que apenas se consumiu para estas partidas, tan necesarias para o colectivo afectado, nais e pais con cadeiras de bebé ou persoas maiores.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Político de EU no Concello de Vilagarcía propón ao Pleno os seguintes ACORDOS:

1º.- O Goberno Local comprométese a realizar o arranxo da rampla á máxima brevidade, ao longo do vindeiro mes, facilitando que as alumnas e os alumnos con mobilidade reducida do IES Cotarelo Valledor poidan acceder ao centro con independencia e comodidade.

En Vilagarcía de Arousa a 21 de setembro do 2017

Asdo.

Voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do EU informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de EU sobre a obra na beirarrúa de acceso ao IES Cotarelo Valledor para que sexa accesible.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de E.U. sobre a obra na beirarrúa de acceso ao IES Cotarelo Valledor e:

1. O Goberno Local comprométese a realizar o arranxo da rampla á máxima brevidade, ao longo do vindeiro mes, facilitando que as alumnas e os alumnos con mobilidade reducida do IES Cotarelo Valledor poidan acceder ao centro con independencia e comodidade.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DO DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO CONSOLIDADO DO CONCELLO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO PARA O EXERCICIO 2018.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

TOMA DE COÑECEMENTO DO DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO CONSOLIDADO DO CONCELLO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO PARA O EXERCICIO 2018. Dáse conta do decreto da Alcaldía do teor literal seguinte:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 6 e 27 da LO 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, así como no artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información reguladas na LO2/2012.

De conformidade coas facultades que en materia de gastos, me confire a Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, RDL 2/2004 de 5 de marzo e Real Decreto 500/90, do 20 de abril, en canto a competencia para a formación e elaboración dos orzamentos municipais, e de conformidade coas Bases de Execución do Presuposto,

Visto o informe de intervención **Ref.: CV 222/2017**, onde se fiscaliza de conformidade o cumprimento do obxectivo de estabilidade, de débeda e da regra do gasto para as liñas fundamentais do Orzamento Consolidado para o exercicio 2018 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

DISPOÑO:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes liñas fundamentais do Orzamento Consolidado do Concello de Vilagarcía de Arousa para o exercicio 2018, no que se enmarcará a elaboración dos orzamentos anuais do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu Organismo Autónomo para dito período, e a través das cales se garante unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de débeda pública, estabilidade orzamentaria, así como o cumprimento da regra do gasto, co seguinte desglose para gastos e ingresos:

INGRESOS

| TOTAL CONSOLIDADO | 2018 |
|--------------------------------------|------------------------|
| TOTAL | 25.779.317,13 € |
| TOTAL INGRESOS CORRIENTES | 25.575.896,73 € |
| TOTAL INGRESOS NO FINANCIEROS | 25.629.317,13 € |
| TOTAL INGRESOS DE CAPITAL | 53.420,40 € |
| TOTAL INGRESOS FINANCIEROS | 150.000,00 € |

GASTOS

| TOTAL CONSOLIDADO | 2018 |
|------------------------------------|------------------------|
| TOTAL | 25.779.317,13 € |
| TOTAL GASTOS CORRIENTES | 23.751.227,16 € |
| TOTAL GASTOS NO FINANCIEROS | 23.896.244,49 € |
| TOTAL GASTOS DE CAPITAL | 145.017,33 € |
| TOTAL GASTOS FINANCIEROS | 1.883.072,64 € |

SEGUNDO: Dar traslado ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dentro do prazo legalmente establecido.

TERCEIRO: Dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno na primeira sesión que celebre. O mando e asino en Vilagarcía de Arousa, 12 de setembro de 2017.

A Comisión queda sabedora.

O Pleno da Corporación queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DETERMINACIÓN DE FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2018.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito do Servizo de Emprego e Economía Social, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, solicitando se remita a proposta de festas locais para o ano 2018 antes do 15 de outubro de 2017, aprobada polo Pleno do Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP informan favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2018, para os días 22 de maio (Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

As/os representantes dos grupos municipais de, EU, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2018 para os días 22 de maio (Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21).

ACÓRDASE: Propoñer como festas locais para o ano 2018 os días 22 de maio (Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.-ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN CO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR D. MIGUEL ALVES LAGO CONTRA A NOVA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS (ACORDO PLENARIO DE 29 DE XUÑO DE 2017).: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do recurso de reposición presentado por D. Miguel Alves Lago contra o acordó plenario de 29 de xuño de 2017, solicitando a súa presenza a todas as Comisións Informativas existentes no Concello con voz e voto. Dáse conta sí mesmo do informe emitido pola Secretaria Xeral e a Interventora Municipal do teor literal seguinte:

Visto o recurso de reposición presentado por D. Miguel Alves Lago contra o acordo plenario de 29 de xuño de 2017 en relación coa nova composición das Comisións Informativas, emítense o seguinte,

INFORME:

1) En virtude do acordo plenario citado D. Miguel Alves Lago, ten voz e voto nas Comisións Informativas seguintes:

a) Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica: 14 membros, distribuídos da seguinte forma:

- 5 (PSOE)
- 4 (PP)
- 2 (EU)
- 1 (BNG)
- 1 (SOMOS MAIORÍA)
- 1 Concelleiro non adscrito: D. Miguel Alves Lago.

b) Comisión Informativa de Urbanismo e Servizos: 14 membros, distribuídos da seguinte forma:

- 5 (PSOE)
- 4 (PP)
- 2 (EU)
- 1 (BNG)
- 1 (SOMOS MAIORÍA)
- 1 Concelleiro non adscrito: D. Miguel Alves Lago.

c) Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas: 14 membros, distribuídos da seguinte forma:

- 5 (PSOE)
- 4 (PP)
- 2 (EU)
- 1 (BNG)
- 1 (SOMOS MAIORÍA)
- 1 Concelleiro non adscrito: D. Miguel Alves Lago.

2) A única Comisión Informativa na que non está presente o Sr. Alves Lago é na Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade, xa que, tampouco pertencía á mesma cando formaba parte do grupo político municipal de EU.

3) O Sr. Alves Lago fai referencia no seu recurso á STC 20/2011, citada no informe emitido polas que subscriben o día 9 de xuño. O Sr. Alves recolle un fundamento xurídico da Sentenza na que se sinala a existencia dunha circular do Secretario Xeral do Concello na que se admitía a participación dos concelleiros non adscritos a todas as comisións informativas, con voz, pero sen voto.

Esa situación non é trasladable ao Concello de Vilagarcía de Arousa, xa que, o Pleno de 29 de xuño de 2017 aprobou a participación do Sr. Alves con voz e voto nas Comisións Informativas das que formaba parte cando pertencía ao grupo político municipal de EU, polo que o Sr. Alves non resulta prexudicado nin beneficiado con respecto á súa situación anterior.

4) Na Lei de Bases de Réxime Local, o Artigo 73.3 afirma: “Os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles correspondesen de permanecer no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o regulamento orgánico de cada corporación”.

Tendo en conta que o Regulamento Orgánico da Corporación non contempla a regulación deste tema, as que subscriben ratifícanse nos informes emitidos con datas 9 e 23 de xuño de 2017 e informan desfavorablemente o recurso, en base aos argumentos que se recollen nos informes citados, así como nos que se reflicten no presente informe.

Vilagarcía de Arousa, 20 de setembro de 2017.

A SECRETARIA XERAL, A INTERVENTORA,

Asdo: Rosa Losada Suárez Trinidad Gómez Reiriz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e EU dictaminan a desestimación do citado recurso.

A/o representante do grupo municipal do BNG, din que se abstén.

O Sr. Miguel Alves dictamina a estimación do citado recurso

En consecuencia e por maioría infórmase a desestimación do citado recurso.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 17 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP, PSOE, EU e Somos maioría, 2 abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do BNG, e 1 voto en contra, pertencente o Concelleiro non adscrito.

ACÓRDASE: Por maioría a desestimación do recurso de reposición formulado por D. Miguel Alves Lago contra a nova composición das comisión informativas (acordo plenario de 29 de xuño de 2017)

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA Á LICENZA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito da Secretaría Xeral de Medios de 28 de xullo de 2017, en relación á solicitude da baixa da reserva do dominio público radioeléctrico outorgado ao Concello de Vilagarcía de Arousa, comunicando que para que a Admón. Xeral do Estado proceda a súa cancelación é necesario a adopción dun acordo Plenario.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do EU, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da renuncia á licenza para a prestación do Servizo Público de Comunicación Audiovisual Radiofónica.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

Finalmente retírase este asunto da orde do día polo Sr. Alcalde.

8.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DA FPSDM CORRESPONDENTE AO ANO 2016.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor literal seguinte:

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.

A conta xeral do exercicio 2016, formada pola Intervención, foi elaborada de acordo co conxunto normativo seguinte:

- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL 2/2004), en materia de orzamentos.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, en adiante ICAL. Regras 44 a 51.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

O contido da conta xeral, regulado no artigo 209 do TRLRFL con carácter xeral, e detallado nas regras 44 a 51 da ICAL, que integra o expediente, constará das seguintes partes:

A) CONCELLO

I. O BALANCE:

| BALANCE | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 |
|-----------------------------------|-----------------------|-----------------------|----------------------|-----------------------|-----------------------|
| ACTIVO | | | | | |
| ACTIVO NON CRRTE. | 87.729.067,61 | 87.786.915,47 | 89.008.567,61 | 92.338.951,14 | 93.987.864,17 |
| ACTIVO CORRENTE | 13.250.784,85 | 13.428.076,76 | 10.181.752,69 | 8.209.536,60 | 11.374.481,45 |
| DEBEDORES C/P | 7.625.112,58 | 5.825.366,51 | 5.029.964,81 | 5.536.166,75 | 5.641.176,14 |
| DISPONIBLE | 5.473.257,14 | 7.262.770,64 | 4.744.425,67 | 2.596.595,27 | 5.658.232,56 |
| TOTAL ACTIVO | 100.979.852,46 | 101.214.992,23 | 99.190.320,30 | 100.548.487,74 | 105.362.345,62 |
| PASIVO | | | | | |
| CAPITAIS PERMANENTES | 95.595.372,66 | 93.557.368,39 | 88.158.106,65 | 92.968.622,55 | 98.096.220,06 |
| FONDOS PROPIOS OU PATRIMONIO NETO | 73.451.045,11 | 73.950.041,46 | 77.294.283,31 | 81.733.304,69 | 89.174.339,01 |
| Pasivo non crtte. | 22.144.327,55 | 19.607.326,93 | 10.863.823,34 | 11.235.317,86 | 8.921.881,05 |
| Pasivo corrente | 5.384.479,80 | 7.657.623,84 | 11.032.213,65 | 7.579.865,19 | 7.266.125,56 |
| TOTAL PASIVO | 100.979.852,46 | 101.214.992,23 | 99.190.320,30 | 100.548.487,74 | 105.362.345,62 |
| FONDO MANIOBRA | 7.866.305,05 | 5.770.452,92 | -850.460,96 | 629.671,41 | 4.108.355,89 |
| FM/D | 143,72% | 79,45% | -17,93% | 24,25% | 72,61% |

II. CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL:

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un Beneficio total por importe de **7.448.731,26 EUROS**.

III. O ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

O patrimonio neto do Concello experimentou un incremento por patrimonio xenerado por importe de **7.440.903,87 €**, co seguinte detalle:

| | I. Patrimonio | II. Patrimonio Xerado | III. Axustes por cambios de valor | IV. Subvencións recibidas | Total |
|---|---------------|-----------------------|-----------------------------------|---------------------------|---------------|
| A) Patrimonio neto ao final do exercicio 2015 | 37.862.298,80 | 43.871.005,89 | 0,00 | 0,00 | 81.733.304,69 |

| | | | | | |
|---|----------------------|----------------------|-------------|------------------|----------------------|
| b) Axustes por cambios de criterios contables e corrección de erros | 0,00 | 130,45 | 0,00 | 0,00 | 130,45 |
| C) Patrimonio neto inicial axustado do exercicio 2016 (A+B) | 37.862.298,80 | 43.871.136,34 | 0,00 | 0,00 | 81.733.435,14 |
| D) Variacións do patrimonio neto 2016 | 4.739.202,02 | 2.617.499,70 | 0,00 | 84.202,15 | 7.440.903,87 |
| 1. Ingresos e gastos recoñecidos no exercicio | 0,00 | 7.448.731,26 | 0,00 | 84.202,15 | 7.532.933,41 |
| 2. Operacións patrimoniais coa entidade ou entidades propietarias | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 3. Outras variacións do Patrimonio Neto | 4.739.202,02 | -4.831.231,56 | 0,00 | 0,00 | -92.029,54 |
| E) Patrimonio Neto ao Final do Exercicio (C+D) | 42.601.500,82 | 46.488.636,04 | 0,00 | 84.202,15 | 89.174.339,01 |

IV. O ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtívose unha variación positiva dos efectivos en **3.061.637,29€** co seguinte detalle:

| Fluxos | Exercicio 2016 |
|--|---------------------|
| Fluxos netos (+/-) por actividades de xestión | 7.716.932,32 |
| Fluxos netos (+/-) por actividades de inversión | -1.609.649,91 |
| Fluxos netos (+/-) por actividades de financiación | -2.719.329,90 |
| Fluxos netos (+/-) pendentes de clasificación | -326.315,22 |
| Efecto das variacións dos tipos de cambio | 0,00 |
| Disminución neta do efectivo | 3.061.637,29 |
| Efectivo o inicio do exercicio | 2.596.595,27 |
| Efectivo o final do exercicio | 5.658.232,56 |

V. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

Que a súa vez componse dos seguintes documentos:

1. RESULTADO ORZAMENTARIO:

O **resultado orzamentario axustado** que se desprende da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2016 é POSITIVO con un importe de **4.004.399,44€** co seguinte desglose:

| DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | |
|---|----------------------|
| a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras | 29.931.998,97 |
| a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V) | 27.991.869,41 |

| | |
|---|----------------------|
| a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital(Cap. VI e VII) | 1.940.129,56 |
| b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros | 83.540,36 |
| c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros | 680.437,19 |
| Total dereitos recoñecidos | 30.695.976,52 |
| OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS | |
| a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras | 23.597.179,43 |
| a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV) | 21.609.399,26 |
| a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII) | 1.987.780,17 |
| b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros | 83.540,36 |
| c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros | 3.160.166,20 |
| Total obrigas recoñecidas | 26.840.885,99 |
| RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES | 3.855.090,53 |
| AXUSTES | |
| (+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais | 1.064.314,24 |
| (+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio | 2.161.319,91 |
| (-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio | 3.076.325,24 |
| RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO | 4.004.399,44 |

2. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería obtido da liquidación dos orzamentos do exercicio económico do 2016 ascendeu a **4.049.348,02€**, e desagregase do seguinte xeito:

| | |
|--|----------------------|
| 1. Fondos líquidos | 5.657.689,31 |
| 2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d) | 11.175.108,81 |
| 2.a. Do orzamento corrente | 2.611.871,97 |
| 2.b De orzamentos pechado | 8.906.262,14 |
| 2.c De operacións non orzamentarias | 15.210,79 |
| 2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva | 358.236,09 |
| 3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d) | 4.713.451,30 |
| 3.a. Do orzamento corrente | 3.060.234,86 |
| 3.b. De orzamentos pechados | 544.967,23 |
| 3.c. De operacións non orzamentarias | 1.121.967,71 |
| 3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva | 13.718,50 |
| I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL | 12.119.346,82 |
| II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO | 5.830.814,51 |
| III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO | 2.239.184,29 |

B) FUNDACIÓN DE DEPORTES

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 209.2 do TRLRFL, a Conta Xeral das entidades locais, estará integrada ademais de pola conta da propia entidade pola dos seus organismos dependentes, polo que se somete a esta Comisión a conta da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2016, que será sometida a aprobación do Consello Reitor proximamente ante a imposibilidade de que se celebre con anterioridade a preceptiva sesión e en todo caso antes da aprobación da Conta Xeral polo Pleno da Corporación, presentando o seguinte detalle:

I.- BALANCE.

| | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 |
|----------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| BALANCE | | | | | |
| ACTIVO | | | | | |
| ACTIVO NON CORRENTE | 717.443,74 | 731.595,42 | 746.761,97 | 758.201,05 | 783.797,27 |
| ACTIVO CORRENTE | 371.264,40 | 296.398,07 | 286.812,13 | 355.166,61 | 361.795,95 |
| DEBEDORES C/P | 347.834,23 | 234.884,61 | 262.770,77 | 311.327,02 | 303.836,20 |
| TESOURERÍA | 23.430,17 | 61.513,46 | 24.041,36 | 43.839,59 | 57.959,75 |
| TOTAL ACTIVO | 1.088.708,14 | 1.027.993,49 | 1.033.574,10 | 1.113.367,66 | 1.145.593,22 |
| PASIVO | | | | | |
| PATRIMONIO NETO | 887.674,02 | 896.233,71 | 919.241,45 | 970.826,39 | 992.003,00 |
| FONDOS PROPIOS | 887.674,02 | 896.233,71 | 919.241,45 | 970.826,39 | 992.003,00 |
| Pasivo non corrente | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Pasivo corrente | 201.034,12 | 131.759,78 | 114.332,65 | 142.541,27 | 153.590,22 |
| TOTAL PASIVO | 1.088.708,14 | 1.027.993,49 | 1.033.574,10 | 1.113.367,66 | 1.145.593,22 |
| | | | | | |
| FONDO MANIOBRA | 170.230,28 | 164.638,29 | 172.479,48 | 212.625,34 | 208.205,73 |
| | | | | | |
| FM/tesourería | 726,54% | 267,65% | 717,43% | 485,01% | 359,22% |

II.- CONTA DE RESULTADOS.

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un superávit por importe de **21.176,61€**.

III.- ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

- Cambios do patrimonio neto por importe de **21.176,61€**.
- Operacións patrimoniais coa entidade propietaria por importe de **947.826,19€**.

IV.- ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtívose un incremento do efectivo por importe de **57.959,75€**.

V.- LIQUIDACIÓN ORZAMENTO.

- Resultado Presupostario (dereitos – obrigas): 2.908,53€, non procedendo axustes, sendo o Resultado Presupostario axustado de **2.908,53€**.
- Remanente de Tesourería total (fondos líquidos + dereitos pendentes de cobro – obrigas pendentes de pago): **208.295,73€**, elaborado segundo determinan os artigos 103 e 104 do Real Decreto 500/90; o remanente de tesourería para gastos xerais ascende a **208.295,73€**, por considerarse saldos de dubidoso cobro por importe de 16.734,06€, que se desprenden do cálculo realizado segundo establece o

artigo 193.bis do TRLRFL, engadido pola Lei 27/2013 de racionalización da Administración Local. Non existen desviacións de financiamento por non contar con financiamento afectado.

En consecuencia, vistos os Informes da Intervención municipal á Conta Xeral 2016 de datas 14 de xuño de 2017 e 28 de setembro de 2017, con referencias **CV 145/2017** e **CV 240/2017** respectivamente, así como o informe da Interventora delegada da Fundación de Deportes.

Vistos os ditames favorables da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de datas 26 de xuño de 2017, e 25 de setembro de correntes.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como o art. 212.4 da LALG.

Tendo en conta que se cumpriron os trámites de exposición ao público mediante publicación do expediente no BOP N°128 de data 5 de xullo de 2017, durante 15 días hábiles e oito máis, sen que se presentasen alegacións, tal e como se constata no certificado de Secretaría de data 11 de agosto de 2017.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación:

1. A aprobación da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2016.

Vilagarcía de Arousa, a 19 de setembro de 2017

O ALCALDE

Asdo./:Alberto Varela paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais PSG-PSOE do informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, BNG, EU e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da conta xeral do orzamento municipal e da FPSDM correspondente ao ano 2016.

-Incorporase o Sr. Fole Díaz sendo as 18 horas e 20 minutos.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 15 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSOE e PP, 6 abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do BNG, EU, Somos Maoría e Concelleiro non adscrito.

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación definitiva da conta xeral do orzamento municipal e da FPSDM correspondente ao ano 2016 .

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN CRÉDITO EXTRAORDINARIO 03/CE/2017 PARA APLICACIÓN DO SUPERAVIT DE 2016.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor literal seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 03/CE/2017 EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 32 DA LO2/2012.

ANTECEDENTES

Visto que na liquidación do exercicio 2016 obtívose Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais con signo positivo, así como uns resultados de capacidade de financiamento en termos de estabilidade.

Visto o informe de Intervención-Tesourería Ref.: CV 232/2017-TES 33/2017, onde en síntese dispónse:

*“(..)**Primeira.**- O saldo do RLT^aGX unha vez descontado o efecto do préstamo concertado polo Concello de Vilagarcía de Arousa dentro do mecanismo de pago a provedores regulado no RD Lei 4/2012 ascende a 3.561.302,52€ polo que SI pode acudirse os destinos alternativos da DA 6^a da LOEOSF 2/2012.*

***Segunda.**- Dentro dos destinos alternativos previstos no apartado 2º da DA6^a, e atendendo á análise realizada nos apartados D) e E) do presente informe, a aplicación do superávit obtido dentro do límite do RLT^aGX, deberá axustarse á seguinte orde secuencial e a algún dose seguintes tres escenarios que se expoñen por orde de prudencia:(..)*

3. *Acometer IFS con arreglo a estimación de capacidade de financiamento actualizada a petición da Concellería de Facenda a data 19/09/2017: 321.706,86€, e destinar o saldo restante neste exercicio 2017 á amortización de débeda: 2.700.440,51€.*

| DESTINOS ESPECIAIS | |
|---|------------------------|
| SALDO/€ | 3.022.147,37 |
| 1º.-PREVISIONS ESTABILIDADE 31/12/2017 | A 321.706,86 |
| 2.-ºIMPORTE DESTINADO A IFS | 321.706,86 |
| SALDO/€ | 2.700.440,51 |
| RED. ENDEBEDAMENTO NETO | 2.700.440,51 |

(..)”

Esta Alcaldía, dado que contamos cun aforro neto positivo e un volume de endebedamento dentro dos límites legalmente permitidos (110%), opta por destinar o Superávit 2016 á redución do endebedamento na contía de 2.700.440,15€, e o saldo restante a IFS co fin de dar resposta ás diversas necesidades veciñais.

En consecuencia o importe do Superávit 2016 que se destinará a amortización de débeda financeira será de **2.700.440,51€**.

Visto que dende un punto de vista de economía, as operacións de crédito que teñen un custo financeiro máis elevado para o Concello de Vilagarcía de Arousa, cunha diferenza considerable respecto do resto de operación contratadas, e polo tanto, as máis interesantes a efectos de minorar a débeda viva son o préstamo Nº 2012/1/105101 asinado con BANKIA o 24/05/2012 por importe de 4.513.879,99 € para o refinanciamento das operacións de préstamo formalizadas polas entidades locais co fondo para o financiamento dos pagos a provedores ao abeiro do RD Lei 7/2012, (en adiante Préstamo-ICO 2012) e o Préstamo Nº 2016 / 1 / 76005 asinado con ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA o 02/09/2016 por importe de 2.127.286,02 € para o refinanciamento de dúas operacións de préstamo formalizadas polo Concello nos anos 2009 e 2014.

Co fin de dar cumprimento ao imperativo legal do artigo 32 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira das Administracións Públicas, referido á aplicación do Superávit 2016 a amortizar débeda financeira dentro dos límites do RLT^aGX.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 32 da LOEOSF 2/2012, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 03/CE/2017**, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|----------------------|
| 011-913 Débeda pública-amortiz. préstamos | 2.700.440,51€ |
| TOTAL | 2.700.440,51€ |

SEGUNDO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son os seguintes:

- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2016 CV 23/2017:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|--|----------------------|
| 87000 REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS | 2.700.440,51€ |
| TOTAL | 2.700.440,51€ |

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 03/CE/2017**, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, dado que o Superávit debe estar aplicado dentro do exercicio 2017, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2017, de forma que *transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións*, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 03/CE/2017** será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, 19 de setembro de 2017

O ALCALDE,
Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación crédito extraordinario 03/ce/2017 para aplicación do superavit de 2016.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 8 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do, PSOE , 13 abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais do PP, BNG, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito.

ACÓRDASE: Por maioría aprobar o expediente de modificación crédito extraordinario 03/CE/2017 para aplicación do superavit de 2016.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DENTRO DO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIAL CON DESTINO AO PAGO DE GASTOS DERIVADOS DA PROPIEDAD DUNHA VIVENDA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor literal seguinte:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DENTRO DO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIAL

Vista Memoria Xustificativa formulada pola Concelleira Benestar Social e Igualdade e visto informe técnico dos Servizos Sociais propoño que, por parte da Comisión Informativa se dictamine favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Engadir no artigo 2 o punto 2.1.9 en relación ás “Modalidades de axuda” das actuais Bases para a Concesión de Axudas dentro do Programa de Inserción Social do Concello de Vilagarcía de Arousa.

SEGUNDO: Engadir no artigo 4 o punto 4.9, en relación aos “Requisitos xerais dos beneficiarios” das Bases para a Concesión de Axudas dentro do Programa de Inserción Social do Concello de Vilagarcía de Arousa.

TERCEIRO: Modificar no artigo 5 o punto 1, en relación aos “Requisitos Económicos dos beneficiarios” das Bases para a Concesión de Axudas dentro do Programa de Inserción Social do Concello de Vilagarcía de Arousa.

CUARTO: Engadir no artigo 7 o punto 7.1.8 de “Contía das axudas” nas Bases para a Concesión de Axudas dentro do Programa de Inserción Social do Concello de Vilagarcía de Arousa.

QUINTO: Engadir no artigo 13 o punto 13.1.3 de “Xustificación das axudas” nas Bases para a Concesión de Axudas dentro do Programa de Inserción Social do Concello de Vilagarcía de Arousa.

SEXTO: Proceder á modificación das actuais Bases para a Concesión de Axudas dentro do Programa de Inserción Social nos aspectos sinalados.

SÉPTIMO: Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente obxecto da proposta no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP en un dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións das Bases obxecto da proposta, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare, de conformidde co disposto no artigo 49 da L.R.B.R.L.

OCTAVO: Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das Bases para a Concesión de Axudas dentro

do Programa de Inserción Social do Concello de Vilagarcía de Arousa ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación expresa.

Vilagarcía de Arousa, 20 de setembro de 2017

O ALCALDE

ALBERTO VARELA PAZ

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación das bases para a concesión de axudas dentro do programa de inserción social.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 11 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSOE, BNG e Concelleiro non adscrito, 10 abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP, EU e Somos Maioría.

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a modificación das bases para a concesión de axudas dentro do programa de inserción social con destino ao pago de gastos derivados da propiedade dunha vivenda.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, SOBRE OS INCONVENIENTES XERADOS POLO MCAUTO.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de EU, coa data de 15 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón para o seu debate no Pleno

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN, sobre os inconvenientes xerados polo MC Auto.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a apertura en Vilagarcía do establecemento de venda de comida rápida para consumo fora do local coñecido como McAuto, os veciños e veciñas de Vilagarcía temos que sufrir unha serie de inconvenientes derivados da súa actividade.

Sobre todo durante as fins de semana a acumulación de lixo procedente da comida do McAuto invade unha boa parte das estradas cercanas ao establecemento sendo especialmente grave a situación na rúa Valle Inclán e en tódolos espazos de aparcamento cercanos á mesma, onde se acumulan restos en forma moi abundante que teñen que ser retirados polo servizo municipal de recollida de lixo, sen que ninguén se faga cargo do custe deste servizo.

A ordenanza Fiscal nºII.10 reguladora da recollida de lixo establece que a recollida deste tipo de lixo é o feito impositivo que debe ser abonado pola persoa física ou xurídica que o xenera, sendo ademais posible incrementar os prezos segundo o volume xerado tal como se recolle no artigo 6 da citada ordenanza.

A esta situación de incremento da suciedade que ten un enorme impacto na nosa fachada marítima o que non contribúe a boa imaxe que debe dar o noso pobo, non só para os veciños se non tamén para os nosos visitantes que teñen nese entorno un lugar de visita obrigado cando están en Vilagarcía.

A esta situación de incremento do lixo nas rúas de Vilagarcía, este establecemento provoca enormes colapsos de tráfico en horas puntuais, sobre todo as fin de semana, que deben ser abordadas para evitar os problemas que sobre os usuarios da vía provoca a actividade mercantil dunha empresa privada.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Político de EU no Concello de Vilagarcía propón ao Pleno os seguintes, **ACORDOS:**

1º.- O pleno da corporación insta ao Goberno Local a dirixirse á empresa propietaria do Mc Auto para que de inmediato estableza as medidas oportunas de forma que impida o incremento de lixo procedente do seu establecemento nas rúas do concello. De non poñer freo a esta situación, gravarase o imposto de recollida de lixo a este establecemento de acordo co establecido no Artigo 6 da Ordenanza Fiscal II.10 Reguladora da Taxa por Recollida do lixo.

2º.- O pleno da corporación insta ao Goberno Local a que, en colaboración coa Autoridade Portuaria, estableza as medidas de tráfico oportunas para evitar os atascos provocados na Avda. Valle Inclán e aledañas provocados pola actividade deste establecemento.

En Vilagarcía de Arousa a 15 de setembro do 2017

Asdo.

Voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación moción presentada polo grupo político municipal de EU, sobre os inconvenientes xerados polo mcauto.

-Auséntase a Sra. Granja Guillán

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 19 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSOE, PP, BNG, EU e Somos Maioría, 1 abstención do Concelleiro non adscrito.

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de EU , sobre os inconvintes xerados polo MCauto .

-Incorpórase a Sra. Granja Guillán.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

-Ausentase a Sra. Mosquera Leal sendo as 20 horas e 20 minutos.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A MELLORAS VIARIAS E DO ENTORNO NA PARROQUIA DE A LAXE.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG, coa data de 20 de setembro de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA MELLORAS VIARIAS E NO CONTORNO DA PARROQUIA DA LAXE

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate e aprobación en Pleno, relativa a **melloras viarias e do entorno na parroquia da Laxe.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende fai tempo os/as veciños/as da parroquia da Laxe veñen reclamando actuacións e melloras nesta parroquia que, a día de hoxe, non se teñen atendido por parte dos distintos gobernos deste Concello. Actuacións e melloras relacionadas coa seguridade viaria, coa limpeza e mellora do contorno e tamén coa mellora das infraestruturas que consideran necesarias para a mellora na súa vida cotiá como cidadáns/cidadás do concello de Vilagarcía.

Así, e a pesares de viren reclamando actuacións que teñen que ver coa seguridade viaria como: medidas de redución da velocidade nas súas rúas, construción de beirarrúas ou habilitación de espazos seguros para a circulación peonil ou instalación semafórica para pasos, travesías ou zonas estreitas e conflitivas...; a día de hoxe, non se teñen tomado as medidas necesarias.

Neste senso, considérase necesaria a instalación semafórica para o control do tráfico especialmente no estreitamento da rúa Arealonga, beirarrúas e zonas de pasos peonís seguros especialmente na zona do semáforo do cemiterio,...

Tampouco no referente a limpeza e mellora do contorno, se teñen levado a cabo as actuacións necesarias no contorno desta parroquia, así resulta necesaria a limpeza e roce nos arredores do centro social e parque infantil, na contorna do río, ...

Outra das demandas que se veñen reclamando dende a veciñanza, é a colaboración nas obras de reparación do centro sociocultural desta parroquia, obras referentes á construción dunha canle arredor do mesmo que evite as filtracións de auga, ao arranxo do escenario por presentar problemas serios no firme do mesmo...

O Bloque Nacionalista Galego faise eco das demandas dos veciños e veciñas do barrio da Laxe e por esa razón solicita deste pleno de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO:

1. **Atender as demandas dos/as veciños/as e levar adiante as actuacións necesarias para a mellora na seguridade viaria, especialmente no que ten que ver coa colocación/regulación semafórica na rúa Arealonga, construción de beirarrúas e pasos peonís seguros como por exemplo no contorno do cemiterio, elementos necesarios para a redución de velocidade, e calquera outra medida que se considere necesaria para a mellora na seguridade viaria para a cidadanía neste barrio.**

2. **Realizar a roza e limpeza no contorno do centro sociocultural, limpeza no contorno do río e actuacións que contribúan a mellorar a humanización desta parroquia.**

Vilagarcía de Arousa, 20 de setembro de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa a melloras viarias e do entorno na parroquia de a Laxe.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

Enmenda do PSOE: baixo criterio técnico da Policía Local e Servizos técnicos
Aceptase enmenda do BNG

Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG xunto coa enmenda do grupo PSdeG-PSOE relativa a melloras viarias e do entorno na Parroquia de A Laxe e:

- 1. Atender as demandas dos/as veciños/as e levar adiante as actuacións necesarias para a mellora na seguridade viaria “tendo en conta os informes da Policía Local e Servizos Técnicos Municipais”, especialmente no que ten que ver coa colocación/regulación semafórica na rúa Arealonga, construción de beirarrúas e pasos peonís seguros como por exemplo no contorno do cemiterio, elementos necesarios para a redución de velocidade, e calquera outra medida que se considere necesaria para a mellora na seguridade viaria para a cidadanía neste barrio.**
- 2. Realizar a roza e limpeza no contorno do centro sociocultural, limpeza no contorno do río e actuacións que contribúan a mellorar a humanización desta parroquia.**

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE RECOÑECIMENTO INSTITUCIONAL A LABOR DE PROTECCIÓN CIVIL VILAGARCÍA POLO SEU 25 ANIVERSARIO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP, coa data de 20 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 28 de setembro de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Recoñecemento institucional ó labor de Protección Civil Vilagarcía polo seu 25 aniversario”

EXPOÑEN

O pasado 17 de novembro de 1992 fundábase a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vilagarcía. Hoxe en día, a piques de que se cumpran os seus primeiros 25 anos de existencia, esta agrupación é un referente coñecido e excepcionalmente valorado pola cidadanía.

O labor dos voluntarios, desde o principio, foi, é e será sempre incuestionable e o seu traballo e colaboración son fundamentais para a organización de eventos, a atención cidadá e as emerxencias.

Son moitos os motivos que xustifican un recoñecemento por parte da corporación, pero sen dúbida, o primeiro cuarto de século de servizo semella unha data con suficiente peso por sí

mesma como para que o Concello mostre ese agradecemento público a todos os que participaron e participan nesta agrupación desde os seus inicios.

Protección Civil de Vilagarcía segue a medrar día a día e ninguén se pode imaxinar xa unha cidade sen un corpo coma este. Durante este tempo traballaron de maneira incansable nas maiores emerxencias rexistradas na cidade. Cabe resaltar a actuación nos incendios do Xiabre no 2004, os incendios que asolaron Galicia no 2006 e as súas posteriores consecuencias, que acarrearón a inundación máis grande coñecida na historia de Vilagarcía, onde por primeira e única vez se decretou un Nivel de Alerta 2 e se constituíu o “Gabinete de Crise” da cidade, asumindo a responsabilidade da intervención o Servizo de Protección Civil.

Son moitas e moi diversas as funcións que realiza ó longo do día a día, e chegados a unha data sinalada como a dos 25 anos de historia semella de sobra merecido un recoñecemento público da corporación.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP

SOLICITA

- Que a corporación do Concello de Vilagarcía de Arousa destaque o labor da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil por estes 25 anos de servizo de emerxencias, rescate, coordinación e atención cidadá.

- Que o Concello organice e celebre un recoñecemento a este colectivo con motivo do 25 aniversario da súa fundación, que se cumprirá o vindeiro 17 de novembro de 2017.

Asdo. Ana Granja – Concelleira do grupo municipal do PP

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo Grupo Municipal do PP para recoñecemento institucional ó labor de protección Civil Vilagarcía polo seu 25 aniversario.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 19 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSOE, PP, BNG, EU, e Somos Maioría, 1 abstención do Concelleiro non adscrito.

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre recoñecemento institucional a labor de Protección Civil Vilagarcía polo seu 25 aniversario.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170629&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

16. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

17. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=17>

18. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN. Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170831&punto=18>

E sen máis asuntos que tratar, ás 21:10 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.